

NORMAS PARA UNIFORMAR A ORTOGRAFÍA DA NOSA LINGUA

DOI: 10.17057/fmfhv.2021.007

Texto inédito, manuscrito. Indicios materiais parecen situar a redacción en Pontevedra, entre os anos 1949 e 1954. O texto e o contido están na base da proposta de *Normas prácticas*, redactadas en castelán, de 1956. Arquivo familiar.

O documento conservado non ten título. Este foi atribuído polos editores a partir do cabezallo.

As presentes normas máis que en bases lingüísticas descansan por un lado na necesidá de uniformar a ortografía da nosa lingua nunha obra en que van a colaborar distintos autores dentro da mayor unidá e por outro no afán de facer o máis doada que se poida a lectura desta obra tan importante a xente que non está afeita a ler galego.

Tendo en conta que o castelán é a lingua aprendida da mor parte dos presuntos lectores sigo de lonxe as normas desta lingua en contra moitas veces dos meus usos de cotío.

En xeneral foron tomadas da *Ortografía Gallega* de Couceiro Freijomil, con *Apéndices* de Abelardo Moralejo, apartádome do que alí se dí en casos contados, e sempre por aforrar estorbo ô que escribe e sobre todo ô que lê.

NORMAS MORFOLÓXICAS

1º. As palabras que teñan a mesma forma en galego que en castelán non deben variarse basándose nas articulaciós vocálicas indecisas de *a-e*, *e-i*, *o-u*, etc. Paréceme vicioso decir «Sacretario» por «secretario», «Médeco» por «médico», «Úneco» por «único», «Páledo» por «pálido».

2º. Os neoloxismos tomados das linguas crásicas non deben someterse a sín-copas, metátesis, diptongaciós, etc. que non señan vivas.

«Rector», «lector», «inspector», etc. penso que se deban escribir así, ben sabido que teñen a pronunciación (propia) da nosa lingua.

3º. Nos casos de formas dobres, debemos escoller o máis achegado ó latín, non o máis apartado do castelán. Por esta razón penso que se debe escribir «Encontrar» non «alcontrar», «Acender» non «alcender», «Cuestión» non «cusion», «Procurar» non «percurar», «Cincuenta» non «cincoenta», «Prolongación» non «prelongación» nin «perlongación».

4º. Nos derivados debemos ter en conta que os sufixos -ACTIONE, -ENTIA, -ITIA e -ITIONE, seña o que queira da súa historia, hoxe dan -ACIÓN, -ENCIA, -ICIA e -ICIÓN. Paréceme por isto un empeño que non val a pena tratar de impoñer formas como «prolongazón», «plantazón», «sabenza», «pacenza»¹, pola única razón de que haxa dous ou tres casos históricos en que asentar a forma analóxica.

5º. No emprego de formas históricas caducadas convirá quizaves mellor pecar por carta de menos tendo en conta a obra de que se trata, máis centífica que outra cousa.

6º. En xeneral, aconsellamos o emprego das formas vivas, montañesas e mariñás dentro de un sentido de dinidá, e lonxe de unha estreita pretensión de purismo.

Das variantes de cada terra penso que se poden manter todas por de pronto e inda alternarse sin merma. Con todo o fonema silbante que ten *c* e *z* nas mariñas non debe notarse ortográficamente, por importante que seña, e tamén sería ben non empregar os nobilísimos arcaísmos ourensans *il*, *ise*, *iste*, *aquil*, que non son tan fortes que Curros non os alternase.

Dígase outro tanto das formas analóxicas *faguer*, fronte as etimolóxicas, moito máis estendidas.

NORMAS ORTOGRÁFICAS

Acentos

Non usaremos máis que dous acentos: o agudo e o circunflexo. O primeiro, como en castelán, e ademais con función diacrítica en casos de homónimos como:

á: preposición e artigo.

dá, dó: verbo e artigo feminino con sustantivo e artigo masculino contracto.

é: verbo *ser* e conxunción.

sí: adverbio, pronome e conxunción.

tí: nominativo e caso indirecto. Etc.

¹ *lediza, xustiza* (cancelados).

O circunflexo debe reducir os artigos contratos: *â, ô, âs, ôs* con función gramatical. En tódolos demáis casos de contracción pode aforrarse.

Representación dos fonemas galegos

As vocás, inda ben sabido que teñen distinto valor que en castelán, deben representarse, con todo, cos cinco sinos que ten o castelán.

As consonantes da mesma maneira, pero tendo en conta que non temos o fonema de *j* nin precisamos do seu sino, empregando *x* para o correspondente. Os cultismos en que apareza, como *exágona, hexámetro*, etc. poden seguir escribíndose con *x*, sobre todo nunha obra como a que se pretende destinada a un lector medio que non terá dificultá na súa interpretación.

No tocante a *y*, somos de parecer que se empregue sempre que teña valor de consonante e por facer mais doada a lectura en palabras como *mayo, mayego, cayo*, pero non cando semivocal: *lei, rei, cheguí*.

Nos casos de semiconsonante «á ti i á min», «a min i á ela» son de parecer que non se escriba *i*, senón *e*. «A ti e á min», «á min e a ela».

Nos casos en que non é máis que a solución eufónica dun hiato máis ou menos craro («Lévame a i-alma») eu diría que non se representase en prosa («lévame a alma»). De facelo, represéntese por *y*, xa que o seu valor é de consonante.

Sobre as formas dudosas *España – Hespaña, irmao – hirmao*, penso que a primeira debe escribirse con *H* e a segunda sin ela.

Apóstrofo

Hai que tender a botar fora este sino que, pretendendo unha escritura fonética, acaba por desfigurar a morfoloxía e ser sempre un estorbo. Pra eso, escribírase a preposición *de* formando parte sempre dos artigos e dos pronomes de terceira persona [e demostrativo]².

1. *Do, da, dos, das.*
2. *Del, dela, deles, delas.*
3. *Dun, dunha, dus (duns), dunhas.*
4. *Deste, dese, desto, deso*, etc.

² Entre parénteses cadradas, un sintagma engadido por outra man [Nota dos editores].

Escríbase *de* sempre separado do demostrativo «aquele» e de calquera outra palabra, verbo, nome, etc., deste xeito: «De ir a Vigo», «de hoxe», etc.

B

Escríbanse os personales átonos *me, che, lle* formando sempre unha palabra cos átonos de 3º: *o, a, os, as; mo, ma, mos, mas; cho, cha, chos, chas; llo, lla, llos, llas*. Pero escríbase separados, e sin perder *-e* diante os artigos *o, a, os, as*. «Díxome o neno», «dixoche a vella», «dixeronlle os fillos», e da mesma maneira, diante calquera outra palabra: «Non me afago», «Díxolle á Lois», «Fálame arreo», etc.

C

Que, pronome e conxunción, nunca se debe escribir con sinalefa ortográfica, e sempre desta sorte: «O neno que o dixo», «¿Qué home foi ese?», «Xa sei que o sabes», etc.

D

A preposición *con* formará unha sola palabra cos artigos desta sorte: *co, coa, cos, coas, cun, cunha, cus (cuns), cunhas*, pero non debe xuntarse con outras formas, nin cos demostrativos, con que se xuntaba *de*, debendo escribirse desta sorte: «con este home», «con esta muller», «con aquel neno», sin apóstrofo nin guiós. En verso pode consentirse a forma *co*: «co este», «co ese», etc.

E

A preposición *en* formará unha sola palabra cos artigos e pronomes con que se xunta, sin necesidá de aseñar este fenómeno con sino ningún: *no, na, nos, nas; nel, nela, neles, nelas; neste, nese, naquel; nun, nunha; noutro*, etc.

F

O adverbio *non* e *nin* en prosa non deberan apocoparse nunca, en prosa científica sobre todo, escribíndose «non o vin», «non os deixaron», «non houbo», «non hei morrer». En verso ou prosa literaria puidera escribirse, «no o vin», «no os deixaron», «no me fales», etc. Pero non hai por qué facelo á cada día.

As formas pronominais enclíticas causan certos fenómenos fonéticos cando as apoñemos á certas desinencias do verbo, pero non hai por qué sinalalas con ningún apóstrofo nin guión. Os casos que se presentan son estes.

- Consonantes epentéticas, orixinarias ou non, que sirven de unión entre os verbos e os pronomes.
 - a) *-n-*: *haino, leveino, levouno...*
 - b) *-y-*: *diyo, farayo*, etc.
- Apócopes.
 - Nada máis que a de *-s-* das primeiras de plural diante *nos*. «Librámonos de boas», «imonos de aquí» por «libramosnos», «imosnos».
 - Non debemos apocopar *-n-* d[a] 3ª de singular nin [de] plural en ningún caso, escribindo sempre: *Tenme, tenos, tena, dixéronnos*, etc. e non temos por qué separar con guiós â portuguesa a unión do verbo e o pronome.
- Fonemas asimilados.
 - As desinencias *s, r* por asimilación antiga trócanse en *l* diante os pronomes e artigos *o, a, os, as*. Si esto ocorre con verbos epónimos debemos formar unha sola palabra sin ningún sino e escribiremos: *dixechelo, escribilas, léchelas*, etc.
 - Si se da entre verbos e artigos eu penso que non debemos marcar a asimilación e escribiremos «¿Dixeches o credo?» «¡Escribir as cartas!» «¿Leches os versos?», visto que a ortografía ten outra misión que representar a fonética e neste caso interesa máis manter o grupo de artigo e nome, que de outro xeito aparecen separados.
 - Si esta asimilación se da entre sustantivos («Diolo arrequente»), adxetivos («entrambolos remos» Curros) e adverbios, *mais, mentras* (1) e as formas *o, a, os, as*, como son poucos e velando pola pureza das formas, pode seguirse a mesma norma, escribindo «Deus o vexa vir» por «Deulo vexa vir».
 - Si se da entre pronomes *nos, vos, lles* e *o, a, os, as*³ faremos unha composición sin ningún sino, *nolo, volo, llelo*, da mesma forma que coa preposición *por*: *polo, pola, polos, polas*.
 - Non faremos o mesmo coa preposición *tras*, visto que é dudoso o seu emprego: «trala casa» e «tras da casa», debendo usar esta última forma.

³ Cos pronomes *nos vos, lles* do pronome *o, a, os, as*.

- Vínase indicando con un guión a tendencia fonética de *-n* final en *ben*, *non*, *nin*, *quen*, tamén á atraer ô seu grupo fonético os pronomes *o*, *a*, *os*, *as*. Eu penso que non fai falla e que podemos escribir: «ben o vin», «non o vin», «nin o vin», «quen o viu», «tamén o vin».

Resumindo:

- Non empregaremos ningún apóstrofo.
- Non empregaremos ningún guión.
- Empregaremos o circunflexo.